

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA



María Xosé
Castro,
Ramsés
Pérez
(ADEGA)

FOGARES VERDES: POR UNA NADAL MÁIS VERDE (OU COMO SUPERAR AS FESTAS DO CONSUMISMO). ADEGA, 2008.

Neste material o Nadal é o eixo ou fío condutor de ideas acompañadas de consellos para tentar que a pegada ecolóxica nesas festas sexa menor, facéndoas extensibles ao resto do ano. Trata cuestións como a publicidade, os agasallos, os residuos, a alimentación, a roupa ou os transportes. Presenta unha maneira consciente de vivir estas festas e recomenda lecturas interesantes.

Descárgao en



<https://acortar.link/spVHnG>

REVISTA PANTERA Nº11: AGUA DULCE. Savanna Books, 2023.

Pantera é unha revista que nace para inspirar a mozos lectores e lectoras a loitar contra o cambio climático. Este número está adicado á AUGA DOCE. Entre os seus contidos destacan: ·Fauna de auga doce ·Ciclo da auga ·Albuferas e humidais.



Cristina
Camarena
(coord.)

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Lugo](#), [Ourense](#), [Santiago, Vigo](#).



Laura
Jiménez
Bailón
(coord.)



SEMILLAS POR EL CLIMA: CIENCIA CIUDADANA ESCOLAR PARA LA ADAPTACIÓN AL CAMBIO CLIMÁTICO. Cooperativa Germinando y Asociación La Troje, 2022.

Proxecto dirixido a centros educativos de primaria, co obxecto de sensibilizar sobre o reto climático e a súa relación coa agrobiodiversidade. Inclúe a posta en marcha dun Banco de Sementes en cada centro educativo e a creación dunha Rede de Sementes Interescolar da Serra como parte da investigación-acción.

Descárgao en



<https://acortar.link/w0ksMf>

HUERTOS ECODIDÁCTICOS: EL PAPEL DE LAS UNIVERSIDADES EN LA AGROECOLOGÍA COMUNITARIA. Pol-len, 2020.

Os hortos ecolóxicos constitúense como espazos educativos en constante expansión tanto en centros de educación infantil, primaria e secundaria, como en comunidades urbanas e rurais. A Rede Universidades Cultivadas iniciouse no ano 2015 coa intención de reunir aquelas universidades, colectivos, e individuos interesados en introducir o traballo nos hortos ecolóxicos como actividade curricular e extracurricular. Este libro recolle algunhas das achegas realizadas por membros da RUC no II Encontro de Hortos EcoDidácticos.



Mariona
Espinet,
Lourdes Aragón
e Laura
Valdés(coords.)


En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)



David Tutor
de la Iglesia,
Claudia
Gutiérrez
Molina



GUÍA DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN FORESTAL. CLAVES PARA LA INTEGRACIÓN DE LOS BOSQUES Y SU GESTIÓN SOSTENIBLE COMO RECURSO EDUCATIVO EN LA EDUCACIÓN PRIMARIA. Junta de Castilla y León, Consejería de Medio Ambiente, Vivienda y Ordenación del Territorio, 2023.

Un recurso pedagógico, unha ferramenta para mostrar os bosques como ecosistemas naturais que foron modificados polos habitantes, aproveitar os recursos renovables, á vez que desenvolve actitudes e comportamentos respectuosos co medio ambiente, Gozar dos bosques e a natureza como aula de estimulación para lograr un desenvolvemento cognitivo e unha aprendizaxe social para o alumnado.

Descárgao en



<https://acortar.link/oKMhmJ>

SEMBRAR EDUCACIÓN AMBIENTAL: CLAVES PARA LA INTEGRACIÓN DEL HUERTO ESCOLAR COMO RECURSO EDUCATIVO EN LA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA: GUÍA DIDÁCTICA Y MANUAL PARA PROFESORES. Junta de Castilla y León, Consejería de Medio Ambiente, Vivienda y Ordenación del Territorio, 2023.

Esta guía didáctica ofrece aos profesionais da educación secundaria os coñecementos básicos, así como os recursos, as ferramentas metodolóxicas e as actividades prácticas necesarias para iniciar un proxecto de hortos escolares no centro educativo ou para dar valor ao existente.



José A. Morato
García,
David Tutor de
la Iglesia


Descárgao en



<https://acortar.link/4aBHWw>



Varios
autores



ALIMENTAR OTROS MODELOS. GUÍA DIDÁCTICA SOBRE ALIMENTACIÓN SOSTENIBLE. Fuhem, 2017.

Guía didáctica moi útil para integrar no funcionamento cotiá dos colexios e as súas aulas prácticas coherentes cun sistema alimentario xusto, sostible e saudable. Trátase dunha valiosa ferramenta para introducir a alimentación escolar no currículo e para acompañar a transición cara a comedores escolares ecolóxicos. As actividades están adaptadas, tanto en contidos como metodolóxicamente, ao momento evolutivo do alumnado.


Descárgao en



<https://acortar.link/lhoR5P>

LOS REYES MAGOS LLEVAN CAMISAS HAWAIANAS. La Galera, 2021.

Un libro para primeiros lectores con situacións algo tolas onde descubrirán que coidar do planeta depende de todos. Dous irmáns que viven nun pobo chamado Ningunaparte están moi preocupados polo cambio climático, pero o resto dos veciños non o están tanto. Un día reciben unha carta dos Reis Magos de Oriente onde anuncian que, polo cambio climático, este ano pasarán en agosto. A partir deste intre, o pobo preparárase para celebrar a noite de "Reis" no verán. E será un pequeno desastre.




Gabriel
García de
Oro

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Santa Comba](#).

Katie
Scott**ARBORETUM.** Impedimenta, 2022.

Este libro é un auténtico museo aberto. Nel poderemos atopar unha extraordinaria colección de árbores de todo o mundo, desde carballos poderosos e altísimas secuoias ata árbores milenarias cargadas de mitos. A colección tamén inclúe espécimes raros e inusuais. Para descubrir como evolucionaron as árbores, ata onde chega a nosa relación con elas e o importantes que son para a nosa vida e a do noso planeta.

En préstamo en

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)Bibliotecas Públicas: [A Coruña, Porriño.](#)**OS BOLECHAS DESCUBREN A SENDA ÁRTABRA.** Bolanda, 2022.

Publicación realizada pola Asociación de Veciños Os Irmandiños do Val, na que os seus protagonistas, Os Bolechas, descubrirán espazos naturais como cantís, praias, vexetación e aves mariñas que só crian nos illotes da Costa Ártabra, así como o seu patrimonio cultural (Castro da Pena Lopesa, Pena Molexa) e outros monumentos representativos do megalitismo galego.

Pepe
Carreiro

En préstamo en

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)Bibliotecas Públicas: [Coruña, Bande, Celanova, Valdoviño.](#)

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS DIRIXIDOS A CENTROS EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>